

## POSICIONAMENTO DA SGO SOBRE O REGADIO NA TERRA CHÁ

Debido as novas aparecidas estes últimos días nalgúns medios de comunicación e coa intención de aclarar un pouco máis o posicionamento da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) no tocante as obras de modernización e mellora do regadio na comarca de Terra Chá expoñemos que:

A Terra Chá é unha das comarcas da Galicia interior con maior importancia para as aves. Aquí consérvanse algunhas das últimas poboacións galegas de especies coma o Sisón e o Alcaraván, que teñen distintos grados de protección tanto a nivel autonómico, coma nacional ou europeo.

Debido a existencia destas especies e de toda unha normativa legal asociada que as ampara, dende a SGO vimos traballando para que esta importancia ornitolóxica sexa recoñecida por parte da administración autonómica e se desenvolvan na comarca políticas sectoriais “sostibles” que permitan compatibilizar a conservación deste patrimonio natural coa actividade agrogandeira.

As especies ligadas ós medios agrarios dependen para a súa supervivencia do mantemento da actividade agraria e polo tanto os agricultores e gandeiros son a peza clave para a súa conservación.

As citadas obras de modernización e mellora do regadio que se están a realizar no momento actual, coincidindo co periodo de cría e de máxima sensibilidade das distintas especies, incumpren a Resolución de 13 de febreiro de 2007 (BOE 17 de Marzo de 2007) e as Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ademais de supoñer o continuísmo dunha política agraria rancia e “desarrollista”, apartada das novas tendencias europeas. A Consellería de Medio Rural debe de empezar a aplicar políticas acordadas cos tempos actuais, planificando a actividade agrogandeira e facendo uso de tódolos instrumentos dispoñibles no momento actual. A adopción de tipos de explotación agrogandeira integrados coa aplicación de medidas agroambientais especificamente destinadas ás distintas especies sería moi necesaria de cara a unha conservación efectiva da avifauna. Deberíase comezar a aproveitar as vantaxes que poden proporcionar os usos respectuosos coa vida salvaxe, aplicando os usos agrarios tradicionais sostibles que conservan a vida silvestre mediante a incentivación contemplada nos novos programas de axudas agroambientais da UE.

Dende a SGO, instamos a Consellería do Medio Rural a paralizar o “innecesario” proxecto de regadío na comarca de Terra Chá e a implementar políticas acordadas cos valores naturais que alberga, explicando ós labregos as vantaxes que pode supoñer a conservación do medio agrario e a súa fauna asociada. De igual forma, ofrecemos o noso asesoramento e apoio para calquera iniciativa orientada a conxugar a calidade de vida das xentes do campo e a conservación da natureza.

Finalmente, congratulámonos polas recentes declaracións como Zona Especial de Protección para as Aves (ZEPA) dos espazos de A Limia e Trevinca, pero botamos de menos a inclusión da comarca de Terra Chá dentro desta figura, xa que a zona cumpre ó criterio C6 para especies coma Sisón común (*Tetrax tetrax*), Tartaraña cincuenta (*Circus pygargus*), Miñato queimado (*Milvus migrans*) e Cegoña branca (*Ciconia ciconia*). Ademais constitúe a única zona de reprodución a nivel español do Mazarico Real (*Numenius arquata*) catalogado como en perigo no último “Libro Rojo de las Aves de España”. Xunto coa comarca da Limia, a comarca chairega alberga as mellores poboacións de aves ligadas ós medios agrarios da nosa comunidade, así coma os humidais interiores de maior importancia para a avifauna.

Declinamos comentar o contido da reportaxe aparecida en “La Voz de Galicia” do 12 de xullo de 2007 (L10, Terra Cha) pero si queremos recordar que, tanto a SGO como o grupo naturalista “Numenius”, nos últimos anos temos enviado numerosos escritos á prensa e incluso organizado mesas redondas con invitación a administración e organizacións agrarias, con esta problemática como tema principal.

Máis información en: [www.sgosgo.org](http://www.sgosgo.org)

Santiago, 24 de xullo de 2007

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA

Apdo. 581 15700 Santiago de Compostela  
[sgosgo@sgosgo.org](mailto:sgosgo@sgosgo.org)